

## CULTURA ACTUAL E CRISE DE VALORES

---

*Sergio Rábade Romeo*

Universidade Complutense de Madrid

En simple lembranza á súa etimoloxía latina, o termo **cultura** significa cultivo, pero, fronte ó cultivo da natureza, a cultura enténdese como o cultivo do espírito. Toda a historia occidental, implícita ou explicitamente, distinguu sempre entre un mundo da natureza e un mundo da cultura ou do espírito. Sen que se formulara con claridade, é este un legado dos gregos, moi especialmente desde a sofística, subliñado posteriormente por Platón, Aristóteles e os estoicos. Non esquezamos que, se ben estes afirmaban que o ideal do home era “vivir de acordo coa natureza”, esa natureza era **logos**, razón constitutiva da realidade, á que debía axustarse o logos-razón do home na súa conducta racional e ética.

Sen embargo, é na modernidade cando esta contraposición deses dous mundos vai adquirir os seus perfís definitivos. Cabería dicir que a esta contraposición lle antecede, desde unha perspectiva sociopolítica -caso de Hobbes e Espinosa- a distinción entre estado natural e estado civil, conver-

téndose nunha necesidade para o home a superación do estado natural para alcanza-lo estado civil mediante un pacto, xa que só así se obteñen os beneficios dunha vida pacífica, “civilizada” e, por qué non o dicir, culta. Pero, para logra-lo perfil definitivo, hai que esperar ó século XIX alemán, cando correntes como o historicismo fan corresponder ó mundo da natureza, as ciencias da natureza e ó mundo da cultura, as ciencias do espírito.

Para o noso designio, segundo o propósito desta sucinta exposición, poderíamos traducir ámbolos mundos como “mundo de cousas” e “mundo de normas e valores”, xa que non hai cultura se esta non é, basicamente, unha rede de normas e valores que centren, rexan e dean sentido e contido a iso que chamamos cultura.

Agora ben, cómpre fixar un sentido mínimo do que entendemos por cultura. Entre as múltiples nocións propostas desde os diversos enfoques antropolóxicos ou desde a filosofía da

cultura, poderíamos definila ou, mellor, describila, como un conxunto de pautas de conducta creadas, desenvolvidas e mantidas por unha colectividade ou comunidade. Ou podemos aceptar unha das definicións de Ortega y Gasset, entre as moitas que el nos deixou:

Cultura es el sistema de ideas vivas que cada tiempo posee. Esas que llamo 'ideas vivas o de que se vive' son, ni más ni menos, el repertorio de nuestras efectivas convicciones sobre lo que es el mundo y son los próximos, sobre la jerarquía de valores que tienen las cosas y las acciones cuáles son más estimables, cuáles menos (*Misión de la Universidad Obras Completas*, vol IV, p 341)

É evidente que o carácter multidimensional da cultura fai que estas nocións ou calquera outra coa que as substituíamos queden moi lonxe de apreixar ou expresar toda a riqueza significada pola palabra cultura. Tratemos, pois, máis ben, de configurala, presentando algúns trazos que, ademais, nos axuden a comprender as relacións entre cultura e valores.

Unha cultura implica:

1) Asumir un conxunto de crenzas nas que, segundo Ortega, vivimos, sen nos cuestionar practicamente os seus fundamentos nin mesmo, ás veces a súa lexitimidade.

2) Manter actitudes comúns, sobre todo fronte a cuestións ou situacións fundamentais: vida, morte, familia...

3) Respetar valores comúns, preferentemente no ámbito ético-xurídico.

4) Compartir unha mesma rede de significados. Expliquémonos: o mundo humano ou mundo da cultura non é o simple conxunto de cousas que nos arrodean e constitúen o universo, senón que o auténtico mundo humano son as significacións que esas cousas teñen para cada home e, desde a perspectiva da cultura, para unha colectividade ou comunidade. Pénsese, por exemplo, no distinto significado dunha árbore determinada para un labrego ou un xardineiro, para un carpinteiro ou para un pintor. Ou o distinto significado/valor da auga ou do lume en culturas ou climas diversos. Se, segundo o vello dito castelán, "cada uno tiene su mundo", tamén cada comunidade ten o seu mundo como conxunto de significacións, e á súa comprensión non é doado acceder desde fóra desa cultura. De aí a frecuente dificultade dun efectivo diálogo entre culturas.

Unha cultura configurada con estes trazos ou outros que se poden engadir maniféstase basicamente no comportamento dos individuos dunha determinada colectividade ou da colectividade en conxunto, facendo cristalizar esas pautas de conducta en institucións sociais, políticas, relixiosas, etc. Así, por exemplo, a familia, as estruturas políticas, as confesións relixiosas, etc. En cada cultura, dando por suposto que, primariamente, foron

atendidas as necesidades básicas, aparecen as necesidades do ocio, tanto do ocio creador coma do ocio de consumo. Non semella necesario destaca-la superior importancia do ocio creador pola súa función “creadora” dos xenuínos produtos culturais. Del xurdirán, como manifestacións características dunha cultura, as “creacións” literarias, artísticas, filosóficas...

Agora ben, é importante enfrontarse coa seguinte pregunta: ¿cal é a orixe ou a fonte de onde dimanan os trazos que perfilan unha cultura, que darán o froito das súas creacións e levarán a constituír determinadas institucións que a manteñen e consolidan? Esta pregunta, para o noso modo de ver, só ten unha resposta: **a concepción do home subxacente en cada cultura.** Segundo unha cultura defina o home por unhas características con preferencia sobre outras, esa cultura irase configurando de maneira que tales características encontren acomodo e un ambiente propicio ó seu desenvolvemento nas estruturas e realizacións que esa cultura formula, desenvolve e fai súas. Por poñer só o exemplo que nos é máis próximo, ¿ata onde chegan as consecuencias que para a nosa cultura occidental tivo a afortunada definición do home como animal racional que nos legaron os gregos? Outro exemplo: como os estudiosos da filosofía saben, non ten os mesmos resultados culturais concibi-lo home como unha unidade que concibilo como estrutura

dualista de dous elementos realmente distintos -alma e corpo-, converténdose a explicación da dita unión case sempre nun sementeiro de polémicas.

Contentémonos con estas embrionarias reflexións sobre a cultura. Deamos, así mesmo, por admitido que nós pertencemos a unha macrocultura que denominamos cultura occidental, unha cultura á que cabería asignar tres momentos “fundacionais”: Grecia, Roma e o cristianismo. Non son momentos en simple sucesión cronolóxica e acumulativa. Son tres momentos que se foron integrando nun longo proceso multiseccular, que acaso non acada a súa configuración definitiva ata a modernidade, entendida esta como o longo período de maduración que vai desde o renacemento ata o século XVIII. Neste período ten lugar o desenvolvemento da ciencia moderna, que se converte nun dos perfís definitorios da cultura occidental, ata o extremo de que, en gran medida, cando exportamos esa cultura, a faceta científico-técnica, coas súas consecuencias industriais e económicas, convértese en característica básica. É a riqueza e complexidade desta macrocultura o que permitiu o xurdimento e a constitución de subculturas dentro dela, coincidentes a miúdo con iso que chamamos nacionalidades: cultura italiana, francesa, española, etc. Son, sen embargo, modalidades dunha cultura única, xa que sempre é máis o que une esas subculturas có que as afasta.

Temos apuntado xa, de paso, a relación entre cultura e valores. Imos recalco: por baixo da creación e cristalización das producións culturais existe sempre un subsolo axiolóxico. Os valores son fontes de inspiración, canons de base ós que se axustan e meta á que se dirixen tales producións. Unha cultura sen valores sería coma un vestido baleiro. Son os valores os que o enchen de contido. Incluso, moitas veces, hai pontes de unión entre o mundo da natureza e o mundo da cultura que son pontes tendidas polos valores cos que o home, en virtude da súa capacidade simbólica, é capaz de dotar unha realidade natural dun valor significativo, dándolle así entrada no mundo da cultura: dun bloque de mármore facemos unha estatua, cunhas pólas de loureiro trenzamos unha coroa.

Pero esa relación de cultura e valores, que pode ter e ten longos períodos de equilibrio, é unha relación que se torna fráxil, especialmente en momentos de crise da cultura. E nun deses momentos estamos. En efecto, vivimos nunha crise cultural como acaso non houbo outra nos longos séculos do mundo occidental, porque esta crise vese incrementada en desmesura polo factor da aceleración. Comparemos: unha crise tan profunda coma a xestada no renacemento levouse a cabo durante dous séculos, a crise que desembocou na Revolución francesa necesitou un século. Pero hoxe a nosa crise é unha crise de fagocitose,

na que uns cambios deben pasa-lo testemuño rapidamente a outros, sen que o noso estómago cultural teña tempo de dixerir e sedimenta-las novidades que se atropelan. Neste magma de plurais minicrises dentro da gran crise xeral, acabamos perdendo o rumbo; e xa deixamos dito que o rumbo dunha cultura se determina desde o seu subsolo de valores.

A perda, naufraxio ou -recordando a Nietzsche- subversión dos valores á que está abocada a cultura do noso momento bótase de ver se nos fixamos na presenza e influencia dos valores ata na nosa vida cotiá. Da mañá á noite a nosa conducta está guiada en boa medida por xuízos de valor implícitos ou explícitos. Desde xuízos provocados por valores dos niveis inferiores, como gústame/disgústame, agrádame/desagrádame, ata os xuízos de valores superiores sobre bo/malo, xusto/inxusto, belo/feo, sagrado/profano. Se reparamos, na nosa vida como homes normais, non como exercentes dunha determinada profesión, eses xuízos de valor son moito máis frecuentes e teñen unha influencia moito maior cós xuízos de carácter técnico, científico ou simplemente lóxico.

Non é o momento de entrarmos na discusión da noción de valor. Trátase dunha noción evasiva e, ademais, de configuración moi tardía na historia da cultura filosófica. Pódese partir orixinalmente do significado da

palabra grega da que deriva a **axiología** como teoría dos valores: **axion**, o digno de estima, o revestido dunha dignidade que o fai respectable. Non se fixeron cargo dela a filosofía grega nin as filosofías medievais, que se formularon como filosofías do ser. A estas sucedéronlle-las filosofías do coñecer, que son a ocupación da modernidade ata pasado o século XVIII. Poderíase dicir que neste século xa se apuntan síntomas que preceden ó tratamento filosófico dos valores: o papel destacado do **feeling** e do **sentiment** en Hume, ou o oco que lle busca Rousseau ó sentimento na mesta e despótica tiranía da razón ilustrada do XVIII. E se puidera parecer que os valores como algo que esquivava a simple racionalidade podían abrirse camiño no magma imaxinativo-sentimental do romanticismo, esa vía quedou cegada polo idealismo. Por iso é no paso do XIX ó XX cando aparece a axiología como filosofía dos valores, nunha historia complexa, na súa brevidade, historia que deixamos de lado.

A linguaxe da nosa cultura e da nosa filosofía acomódase moi mal para expresa-lo que son os valores: non son cousas ou entes reais; tampouco son entes ideais como os conceptos matemáticos. Son "realidades" (palabra impropia) ou "calidades" (palabra máis apropiada) que non se captan por un proceso racional estricto. Tampouco cabe reducilos a contidos que simplemente se senten. Son "realidades"/"calidades" cunha consistencia de seu que,



Ó longo da Historia atopámonos con máis representacións da virtude da Xustiza ca do vicio da Inxustiza. Alegoría da Xustiza *Decorative Renaissance Woodcuts*, Ed Dover Publications, 1968

sobre o soporte de determinados entes, se impoñen á nosa estimación e apreio. E impoñense porque solicitan o noso recoñecemento e esixen o noso respecto. Chegouse a arbitrar unha nova facultade, a **estimativa**, para explicala a súa captación. Toda persoa suficientemente desenvolvida ten experiencia e vivencia deses valores que xorden en virtude do enfrontamento con determinadas realidades ou situacións.

Pois ben, a concepción e estrutura do mundo humano da cultura está dirixida e vertebrada por determinadas xerarquías de valores, sobre todo polos chamados valores superiores, que se constitúen en motor tanto das accións

da colectividade coma dos individuos que a integran. Os valores explican o **por qué** e o **para qué** de moitas das nosas accións, é dicir, son motores que nos fan actuar e son a fin á que se dirixen as nosas actuacións.

Os principais ámbitos en que se propoñen, se impoñen e se realizan os valores superiores son, facendo un breve esquema, os seguintes:

1) A relixión, coa polaridade entre o sagrado e o profano.

2) A moral, coas oposicións entre bo e malo, honesto e deshonesto, e o elenco de virtudes cos vicios contrapostos.

3) A xustiza, con oposicións como xusto/inxusto, dereito/deber, etc.

4) A estética, coa polaridade básica do belo e o feo.

Creemos, non sen certo apresuramento, que todo o antedito pode permitírnos suscitar xa o apremante problema da crise de valores na nosa cultura. A afirmación de que estamos en e asistimos a unha crise de valores non necesita, desgraciadamente, xustificacións, atendendo tanto ós comportamentos colectivos da sociedade coma ós criterios das conductas individuais: a desorientación instalouse entre nós. A cultura perdeu rumbo entre iniciativas multiplicadas, pero

dispersas, sen unidade de dirección, aínda que algúns Estados teñan recorrido á creación de ministerios de cultura, tratando de dirixir e fomentala actividade cultural, sendo así que a cultura auténtica debe xurdir fecunda desde a espontaneidade creativa da comunidade e dos seus membros, a partir dun subsolo de valores. Non necesitou ministerio de cultura a Atenas do século V ou a Francia do século XVII, porque a forza creadora de cultura daquelas sociedades manifestábase en arte, literatura, filosofía. Hoxe estamos asistindo á substitución da gran cultura pola programación de simples espectáculos multitudinarios que, en boa medida, reducen a cultura a diversión. Fronte ó fomento dun ocio creador, contentámonos co ocio de consumo, que é tamén necesario, pero insuficiente.

Noutros aspectos da vida, a crise faise igualmente patente: desprezámoslos códigos morais ou, simplemente, carecemos deles; non é que sexamos inmoraís, xa que isto implica o recoñecemento dunha moralidade, simplemente somos amoraís. No dominio do relixioso, con tódalas salvidades particulares que se queiran, asistimos ás actitudes de indiferencia, que non hai que confundir cunha sa e necesaria tolerancia.

¿Que nos conduciu ata aquí? Non ten fácil resposta esta pregunta. Son moitos os factores que entran en xogo.

Pola nosa parte, imos centra-la atención nos que estimamos determinantes:

### 1) **Decadencia das humanidades.**

Non nos referimos aquí basicamente á decadencia dos estudos así chamados nos nosos centros de ensino, aínda que este sexa un indicio nada desprezable como certificado dunha actitude colectiva que os minusvalora porque os estima de baixo rendemento económico, co que está aceptando o diñeiro como valor de primeira orde. Apuntamos, máis ben, á perda de reflexión sobre o home mesmo e sobre todo o ámbito do humano. Na medida en que unha cultura deixe de ser humanista, nesa mesma medida deixa de ser auténtica cultura, porque está olvidando o seu polo de referencia, que é o home, segundo deixamos sinalado con anterioridade.

2) A **secularización**. A historia da cultura ensina que a relixión foi, se ben en formas moi distintas, como é obvio, elemento fundamental de toda cultura. Pois ben, a secularización, entendida nuclearmente como indiferencia fronte a todo o relixioso, non pode deixar de ser un empobrecemento da cultura. Non é posible esquecer que a relixión foi unha fonte de valores. A nosa época histórica está nun momento de máxima secularización, que só ten parangón no século XVIII, século no que, sen embargo, se era fiel a aquel "mínimo relixioso" defendido polo deísmo de moitos ilustrados.



Giambologna (1529-1608), *A Virtude vencendo o Vicio*, Florencia, Museo Nacional. Os artistas seguidores de Miguel Anxo tiñan predilección polo tema de dúas figuras en loita. O manierista Giambologna aproveitábase delas para amosárho-lo contido moral da Virtude victoriosa sobre o Vicio

3) A **visión economicista da vida e da sociedade**. É un factor tan meridianamente claro que consideramos superfluo insistir nel. Simplemente imos destacar que a elevación do diñeiro a supremo valor na vida supón unha total alteración ou subversión dos xenuíños valores.

4) **Preponderancia dunha cultura da corporalidade.** Temos reiterado que a cultura é basicamente cultivo do espírito que, certamente, non é alleo á corporalidade, pero tampouco se absolve ou dissolve nela. Se ben é verdade que a nosa cultura, en case tódalas súas épocas máis características, foi pouco xenerosa e incluso mesquiña coa corporalidade baixo éxidas tan ilustres como Platón, Descartes e o propio cristianismo nalgunha das súas interpretacións, hoxe cambiamos de bando e sucumbimos á tentación de reducirlo home a corporalidade: cultivo do corpo, dos seus instintos, etc. ¿Que valores superiores cabe esperar deste enfoque?


5) **A escapada desde a ética cara á estética.** Este é un factor de carácter filosófico, pero con indubidables repercusións na cultura e na sociedade: eliminar compromisos éticos substituíndoos polos estéticos, fuxir da responsabilidade no exercicio da liberdade, refuxiándose na visión esteticista da realidade e das situacións, coa valoración preferente dunha discutible orixinalidade, antepoñendo o paradoxal, o fascinante, o atractivo e ata o repelente. Non importa o bo ou o malo, senón o orixinal, o sorprendente, o “*epatan-te*”, dito con palabra bárbara.

Agora ben, se nos interrogamos sobre unha posible causa común subxacente a estes factores, non dubidamos, pola nosa parte, en sinalar

como axente determinante nesta crise de valores a **desorientación na concepción do home**. Esta desorientación orixínase e foméntase desde os propios movementos filosóficos, que invaden cos seus formulamentos e contidos, saíndose do eido filosófico, o campo xeral da cultura: vitalismo, historicismo, marxismos diversos, existencialismo, estruturalismo, por referirnos só a correntes importantes, someteron o home a un trafego de concepcións non só distintas, senón opostas. Procurábase explicar e interpreta-lo home desde unha das súas dimensións, co que se perdía o sentido integral do ser humano. Esas distintas concepcións non nos achegaban a unha visión global da totalidade do home, senón que nos entregaban retallos do humano. A consecuencia é que rematamos cun home feito de remendos, sen sabermos cá é o tecido primitivo, é dicir, aquilo polo cal todos eses retallos son humanos e co que deben suturarse.

E nesta desorientación na concepción do home parécenos que non debe ocultarse o importante papel que xoga a perda do sentido da transcendencia. Roubándolle un título a Max Scheler, ó home hai que lle buscar un posto no cosmos. E o posto ha determinarse desde uns puntos de referencia. Así, a filosofía grega encontrou ese punto ou polo de referencia na **physis**, a natureza. O cristianismo elevou as miras e encontrou en Deus o punto de referencia, facendo do home, **criatura**,





Albrecht Dürer, *Erasmus*. Gravado en metal. Erasmus é, quizais, quen mellor encarna a personificación do humanismo, que tanto se bota en falta hoxe en día. Dover Publications, New York, 1972.

imaxe e ata fillo adoptivo de Deus. Nunca estivo o home máis centrado ca cando tivo a Deus como centro transcendente ó que o ataban as relacións da creación.

Fronte a estas concepcións, a modernidade, en xiro radical, quixo explicalo home desde si mesmo: o centro de referencia do home é o home mesmo: conciencia, razón, liberdade, vida... Aínda que se tardou en negala dimensión transcendente de creación, tal dimensión foise diluíndo, perdéndose na distancia de non a sentir como necesaria. E tan innecesaria se considerou que Deus se converteu en inútil para o home, e mesmo en obstáculo para a súa liberdade; entón pareceu chegado o momento de decreta-la súa morte. Esa morte de Deus encontrou o seu profeta profano e ata escandaloso en Nietzsche. Paga a pena recolle-las súas palabras:

¿Dónde se ha ido Dios? Yo os lo voy a decir, les gritó ¡Nosotros lo hemos matado, vosotros y yo!, sigue recogiendo de boca en boca ese loco estas aterradoras y profundas reflexiones: "Pero ¿cómo hemos podido obrar así? ¿Cómo hemos podido vaciar el mar? ¿Quién nos ha dado la esponja para borrar el horizonte? ¿Qué hemos hecho cuando hemos separado esta tierra de la cadena de su sol? ¿Adónde le conducen ahora sus movimientos? ¿Lejos de todos los soles? ¿No caemos sin cesar? ¿Hacia adelante, hacia atrás, de lado, de todos lados? ¿Todavía hay un arriba y un abajo? ¿No erramos como a través de la nada infinita?" (*Obras completas*. Trad de E. Ovejero *El eterno retorno Tomo III*, Aguilar, Madrid, 1961, pp. 108-109).

Non cremos que se poida dicir mellor nin con máis forza o que significa para o home e para o mundo a perda de Deus: é como baleira-lo mar, borra-lo horizonte, separa-la terra do seu centro gravitatorio, que é o sol, caer sen cesar, perde-lo sentido do espacio, sumirse na nada infinita.

Facendo caso a Nietzsche, quedou o home tan descentrado e tan perdido neste querer buscarse sentido pleno desde si mesmo, que pode acabar sen encontra-lo seu auténtico sentido. Por iso Foucault, na década dos sesenta, puido tamén anuncia-la morte do home. Obviamente, non se trata de ningunha morte biolóxica, senón da morte daquel home que, desde si mesmo, quixo reducirse a conciencia, a vida, a historia, a liberdade...

¿Onde estamos hoxe? Por pouco críticos que sexamos coa nosa situación cultural, non podemos deixar de dicir que nos instalamos na perplexidade, en non acabar de saber qué somos, nin qué facemos ou debemos facer neste noso mundo cultural. A urxente tarefa da filosofía, da actual e da futura, é retomar en serio estas preguntas e buscarlles resposta. Difícil reto, pero ese guante hai obriga moral de recollelo para empezar a facernos de novo, no noso contexto, as preguntas que o home occidental leva facéndose secularmente, sen que abonden respostas de tipo científico ou técnico, físicas ou biolóxicas. Só daquela esta-

remos en situación de reformulárnola nosa escala de valores, porque teremos recuperado o fundamento desde onde hai que analízalos e xustificálos, é

dicir, o home en canto home en plenitude, coas súas dimensións de racionalidade e liberdade responsable.

